

## A ciencia como profesión

Actividade promovida polo grupo XuvenCienCIA do campus de Lugo da USC con motivo do Día das Mulleres e as Nenas na Ciencia de 2020

As nenas empezan a creerse menos brillantes cós nenos xa a partir dos seis anos. Esta idea prende nelas, especialmente no que se refire ás disciplinas tecnolóxicas, e lastra as súas posibilidades de facer carreira no eido da investigación. Esta concepción (errada) de si mesmas non lles nace ás nenas porque si, da nada, senón porque o mundo que teñen arredor lles lanza mensaxes (erradas) que ditaminan que eles teñen máis capacidade intelectual e que os logros delas están asociados ao traballo duro e a que son máis sacrificadas.

Malia que a ciencia desminte os estereotipos de xénero, o certo é que a matrícula de rapazas nas enxeñarías anda en torno ao 25%, cando elas son a maior parte de toda a poboación universitaria. Hai moito tempo que as mulleres son maioría en disciplinas científicas que requiren un perfil asistencial (Medicina, Enfermaría, Veterinaria), así como en moitas das ciencias experimentais (Bioloxía, Ciencias Medio Ambientais...), pero no eido tecnolóxico, da Física ou as Matemáticas (STEM) aínda se mantén a fenda de xénero.

Os prexuízos de xénero están presentes de forma xeral, aínda que sexa de xeito inconsciente, en todos os estratos da sociedade, que teima en atribuílles ás nenas “mellores capacidades para a educación, as ciencias sociais e as humanidades” e, aos nenos, “para os números, a tecnoloxía, a informática, as ciencias experimentais e todas aquelas tarefas abstractas e técnicas”.

As nenas e as mozas desenvolven ao longo da súa vida educativa falta de confianza en si mesmas para as tarefas científicas e matemáticas e ata ansiedade cara estes contidos do currículo. Estas condutas obsérvanse mesmo cando presentan un alto rendemento escolar. Diferentes estudos indican que a existencia de referentes femininos (desde unha profesora ata unha investigadora con certa notoriedade e mesmo unha personaxe de ficción nun rol de científica) lles axudan a superar os seus medos e seguir a súa verdadeira vocación.

### Ligazóns e referencias:

“Unha ducia de mulleres científicas galegas”. Marcos Pérez Pena. Praza Pública, 11 de febreiro de 2017: <https://praza.gal/ducias/mulleres-cientificas-galegas>

“Las niñas se creen menos brillantes que los niños desde los seis años”. RTVE.es, 17 de xaneiro de 2017: <http://www.rtve.es/noticias/20170127/ninas-se-creen-menos-brillantes-ninos-desde-seis-anos/1480905.shtml>

“Marta Macho: ‘Con só seis anos, as nenas xa cren que son menos brillantes’”. Santiago I. Casal. Culturagalega.gal, 15 de febreiro de 2018: <http://culturagalega.gal/noticia.php?id=28346>



“Os europeos cren que as mulleres son menos válidas para a ciencia”. Diana Mandiá. GCiencia, 23 de setembro de 2015: <https://www.gciencia.com/tolociencia/os-europeos-cren-que-as-mulleres-son-menos-validas-para-a-ciencia-por-falta-de-perseveranza-e-espirito-racional/>

“El futuro profesorado aún tiene estereotipos sobre las competencias de las mujeres en las TIC”. Elsa Velasco. Portal da Universitat Oberta de Catalunya, 16 de abril de 2019: <https://www.uoc.edu/portal/es/news/actualitat/2019/100-estereotipos-TIC.html>

“Las chicas mantienen mejor el rendimiento que los chicos en pruebas de ciencias”. Isabel Rubio. El País, 3 de setembro de 2019: [https://elpais.com/tecnologia/2019/09/03/actualidad/1567520853\\_614641.html](https://elpais.com/tecnologia/2019/09/03/actualidad/1567520853_614641.html)

“Género y ciencias: otra realidad del Informe PISA 2015”. Marisa Revilla Blanco. Real Instituto Elcano, 12 de decembro de 2016: <https://blog.realinstitutoelcano.org/genero-y-ciencias-informe-pisa-2015/>

“La falta de confianza de las niñas arruina sus vocaciones científicas”. Isabel Rubio. El País, 10 de febreiro de 2019: [https://elpais.com/elpais/2019/02/10/ciencia/1549790650\\_356604.html](https://elpais.com/elpais/2019/02/10/ciencia/1549790650_356604.html)

“No, las niñas non son peores en ciencias”. Leire Salazar. Eldiario.es, 17 de outubro de 2018: [https://www.eldiario.es/piedrasdepapel/ninas-peores-ciencias\\_6\\_825977405.html](https://www.eldiario.es/piedrasdepapel/ninas-peores-ciencias_6_825977405.html)

“Matemáticas: la clave que puede explicar por qué más chicos que chicas estudian carreras de ciencias”. Louisa Lyon. BBC Worklife, 26 de decembro de 2019: <https://www.bbc.com/mundo/vert-cap-50809175>

“Janet Hyde: ‘La ciencia desmiente los estereotipos de género’”. Valentina Raffio. El Periódico, 12 de febreiro de 2019: <https://www.elperiodico.com/es/ciencia/20190212/entrevista-janet-hyde-diferencias-psicologicas-hombres-mujeres-7298720>

“Angela Saini, periodista científica: ‘No hay nada en nuestra biología que impida la igualdad de género’”. Sergio Ferrer. Agencia SINC, 24 de marzo de 2018: <https://www.agenciasinc.es/Entrevistas/No-hay-nada-en-nuestra-biologia-que-impida-la-igualdad-de-genero>

“La ciencia busca diferencias entre sexos y se topa con los prejuicios”. Agencia SINC. Público, 3 de xuño de 2019: <https://www.publico.es/ciencias/estereotipos-genero-ciencia-busca-diferencias-sexos-topa-prejuicios.html>

“¿Cómo acabar con la brecha de género en STEM?”. Laura Andrés Tallardà. La Vanguardia, 18 de agosto de 2019: <https://www.lavanguardia.com/vida/junior-report/20190814/464003322710/brecha-genero-ciencia-tecnologia-stem.html>

“O efecto Scully”. Lady Sybylla. Momentum Saga, 5 de novembro de 2015: <https://www.momentumsaga.com/2015/11/o-efecto-scully.html>

“Less ‘Big Bang Theory’, More Dana Scully: What It’s Going to Take to Lead More Girls Into Science”. Christopher Zumski Finke. Yes Magazine, 25 de decembro de 2013: <https://www.yesmagazine.org/health-happiness/2013/12/25/less-big-bang-theory-more-dana-scully/>



Cimpian, J. R., Lubienski, S. T., Timmer, J. D., Makowski, M. B., & Miller, E. K. (2016). Have gender gaps in math closed? Achievement, teacher perceptions, and learning behaviors across two ECLS-K cohorts. *AERA Open*, 2(4), 2332858416673617.

<https://journals.sagepub.com/doi/full/10.1177/2332858416673617>

Xu, D., & Li, Q. (2018). Gender achievement gaps among Chinese middle school students and the role of teachers' gender. *Economics of Education Review*, 67, 82-93.

<https://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S027277571730612X>